

NAMORADOS NO SOUTO DA VILA DE PERBES

José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro
Cronista Oficial do Concello de Miño

No ano 1623, exercía de xustiza no Coto de Perbes o Tenente Merino Juan Varela de Nigrofe. Aproveitando o festivo da Nosa Señora do Setembro, saíu de paseo con Francisco Leira, o vello, e a súa muller Inés de Leira; a súa andaina levounos ata o Souto da Vila, no mesmo Coto de Perbes, e foi casualidade que alí se atoparan moceando o labrador e mercader Domingo González, de vinte e cinco anos, e Inés Paz, costureira.

O que viron, non era outra cousa máis que unha escena amorosa, nun recuncho entre pinainas, cañotas e castiñeiros, baixo ceo limpo e vento mareiro, coas ondas do mar batendo nas rochas da ribeira, en reviravolta prateada perdida no horizonte; nin andoriñas nin gaiotas, raíñas de soutos e ribeiras, podían espertar os seus soños. Foi de súpeto, como as olladas voltaron á realidade ós mozos; ollos curiosos, atrevidos e reprobables, viñan desfacer o que a natureza fai lóxico.

Xa na terra, Domingo ergueuse cabreado, como se fose picado por un tabao, e feito unha furia desenvaiñou a espada e a daga, e seguiunos polo camiño berrando que cando menos a un había de matalo. A moza leda, desconsolada, sen máis.

E cumpriuse o proverbio, non existe amor sen sacrificio. O caso foi, que xa tivera Domingo outra liorta semellante con Pedro da Leira, aínda que agravada por xurar en Deus que o había de matar. Non dubidou o Tenente Merino en levalo preso ó cárcere público do Coto de Perbes, onde o tivo privado de liberdade e amarrado nunha forte cadea.

De tódolos feitos levantáronse autos, e as peticións chegaron á Real Audiencia do Reino de Galicia, na que se desenrolou o litixio (Arquivo do Reino de Galicia. Legaxo 24.342-26), e velaquí as resultas: unha fianza que por descontado presentou nas mans de Juan Díaz Fruxe, e un tal Meichan “maesso de ninos vezinos del coto de Perbes”, baixo a garantía de Gabriel da Rigueira “que dixo le plaçia de ser tal su fiador aciendo de deuda axena suya propia”, e coas testemuñas de Domingo Vázquez, Juan Díaz Fruxe e Bertolo de Ourense, os derradeiros veciños de Perbes e o último de Sant-Iago de Boebre.

No neboeiro documental, suxírese o interese da casa dos Leira pola costureira, fora para Pedro ou non, o seguro é que aínda hoxe no Souto da Vila se escoitan os berros dun home namorado.



APÉNDICE I

1623. Septiembre, 11. Perbes.

Certificación del escribano Gonzalo Sánchez das Seixas, a petición de Domingo González, para que diese fe de como se hallaba preso y encadenado en dicho coto, por mandato del Teniente Merino del mismo.

"En el coto de Perbes a onze dias del mes de Setiembre del ano de mill y seiscientos y beinte y tres anos, Domingos Gonzales me pedio a mi Gonzalo Sanchez das Seixas escribano de Su Magestade, le de por fee y testimonio en manera que aga fee en Justicia y fuera del, de como le avia presso Juan Varela de Nigrofe, teniente de merino, y no le abia puesto cargo ninguno y de como le tenia presso en una cadena gruessa en el dicho coto de Perbes, y de como protestaba y protesto de cobrar del dicho teniente de merino las costas y gastos que le aze gastar sin culpa alguna.

E yo Gonzalo Sanchez das Seixas, escribano del Rei nuestro Senor en este país, doy fee a los que la presente bieren como e bisto al dicho Domingo Gonzalez en una cadena gruessa y de su pedimiento lo signo y firmo dicho dias, mes y ano de arriba; testigo Lope Martinez Patan e Juan Diaz Fruxe e Juan da Hermida e Antonio Dallegue, vezinos del coto de Perbes y en fee dello lo sino y e de aver de mis derechos treinta y dos maravedis y no mas. En testimonio de berdad. [*Firmado*] Gonzalo Sanchez das Seixas [*Rubricado*]."

APÉNDICE II

1623. Septiembre, 13. Perbes.

Interrogatorio presentado por Juan Varela de Nigroofe, Teniente Merino del Coto y Jurisdicción de Perbes, para la confesión y respuesta de Domingo Gonzalez por la situación planteada el día de Nuestra Señora de Septiembre.

"En el coto de Perbes a treze dias del mes de Setiembre del ano de mill y seisçientos y beinte y tres anos, el dicho Juan Barela de Nigrofes, Teniente de Merino, para aber de tomar la confesión al dicho Domingo Gonzalez, presso del, tomo e reçebio juramento por Dios Nuestro Señor y sobre una senal de Cruz en que puso su mano derecha, el qual lo hizo en forma e prometio de decir berdade de baxo del, siendo preguntado al tenor del dicho auto de ofiçio, declaró lo siguiente:

Preguntado al confesante como se llama e donde hes bezino, que oficio y que hedade tiene: Dixo el confesante que se llama Domingo Gonzales y que su ofiçio hes de labrador y mercader y que es bezino de la feligresía de Sanntiago de Boebre y que hes de hedade de beinte y cinco anos o beinte y seis anos, poco mas o menos tiempo y hesto responde.

Preguntado el confesante si conoze a Juan Barela de Nigrofes por Teniente de Merino en el Coto de Perbes y su Jurisdicción, dize el confesante que oyo dezir que hera Teniente de Merino, sino que se lo oye decir y llamar a muchas personas y que ansi se lo llaman y tanto responde.

Preguntado al confesante porque el día de Nuestra Señora del mes de Setiembre, que se contaron ocho deste mes, estaba asentado en el Souto da Vila con una moza que se llama Ines Paz, custureira, y en llegando Francisco da Leira, el biexo, y su muger Ines da Leira y el dicho Juan Barela de Nigrofes, Teniente de Merino susodicho, echo mano a una hespada y daga que tenía puesto y la llebó todo el camino desnuda, desafiando que avia de matar a uno con la hespada, y aunque por muchas bezes le rrogaron la metiese en la bayna no lo a querido azer, antes dezía que lo azía por su gusto y que alguno se lo abia de pagar:

Dize el confesante que niega la pregunta y tanto responde a ella.

Preguntado el confesante porque ocasion arremetió a Pedro da Leira, de Sanbollo, con una hespada desnuda y corriendo tras del diciendo que juraba a Dios lo abia de matar:

Dize el confesante que niega la pregunta.

Preguntado el confesante por todo lo demas antecedente en el auto de ofiçio, el qual dixo que lo niega. En lo qual dixo que se afirnaba, afirnó, rretificaba e rretefico e lo firmo de su nonbre, presente el dicho Teniente de Merino que asi lo firmo Domingo Gonzales, passo ante mi Gonzalo Sanchez escribano".